

CIRCULAR 84/2017

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXIX CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA DE INVERNO EN PISTA.

Lugo, 25 de novembro do 2017

Art.1). A delegación da FGA en Lugo, e o Concello de Lugo, organizan o día 25 de novembro do 2017 nas pistas de atletismo do Estadio Pérez Rivera o XXIX Campionato de Galicia de Marcha de inverno en Pista

Art.2). Podrán intervenir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras CCAA.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros* convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata ás 20:00h do martes día 21 de novembro.

Art.4). Os atletas deberán retirar o seu dorsal ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados das categorías: benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa e veteranos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir o protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas. Asemade, entregarase medalla aos tres primeiros atletas da clasificación absoluta na proba dos 5 km.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante e por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). Os atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída da súa proba. A saída à pista terá que ser realizada ca camiseta xa posta.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.8). O horario e distancias do campionato é o seguinte:

10.45 HORAS	1.000 Benxamín	H-M
10.55 HORAS	2.000 Alevín	Mulleres
11:10 HORAS	2.000 Alevín	Homes
11:25 HORAS	3.000 Infantil	Mulleres
11:40 HORAS	3.000 Infantil	Homes
12.00 HORAS	3.000 Cadete	Mulleres
12.25 HORAS	5 000 Cad/Xv/Jn /Pr /Sen /Vet	Homes
13.05 HORAS	5 000 Xv/Jn /Pr /Sen /Vet	Mulleres

* O horario pode modificarse en función dos inscritos

A proba de 5.000 considerase absoluta, polo que non se aplicará o Pit lane ós atletas cadetes, xuveniles e junior, que podan optar ó título de Campeón de Galicia Absoluto.

Art.9). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10). Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase, de acordo coas normas da, FGA, da RFEA e da I.A.A.F por este orden.

A Coruña, 17 de outubro do 2017
Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral
Federación Galega Atletismo